

ECONOMÍA DA EMPRESA

1. [1 pto.] Explique la diferencia entre impuestos directos e indirectos, ponga un ejemplo de cada uno de ellos e indique, para cada ejemplo, cuál es la base imponible de ese impuesto
2. [1 pto.] Explique la diferencia entre monopolio y competencia perfecta
3. [1 pto.] Explique qué es una sociedad anónima y qué tipo de responsabilidad asumen los socios
4. [3 ptos.] A una empresa se le plantean tres proyectos de inversión, que suponen los siguientes desembolsos y flujos de caja netos:

Proyecto de Inversión	Desembolso inicial	FLUJOS DE CAJA			
		1. ^{er} Año	2. ^º Año	3. ^{er} Año	4. ^º Año
X	2.000	1.500	1.400	2.000	1.200
H	3.000	1.300	-1.050	1.600	1.080

Teniendo en cuenta un tipo de interés de mercado del 3%, se pide indicar cuál es el proyecto más rentable según los métodos del Valor Actual Neto (VAN) y del plazo de recuperación o *Pay-back*. Calcule los valores para cada método, indicando las operaciones, y justifique la respuesta.

5. La empresa PAU S.A. presenta el siguiente informe sobre sus costes de producción:

Unidades producidas	0	1	2	3	4	5
Costes totales de producción	30	40	48	54	56	57

Se pide:

- 5.1. [0,5 ptos.] Calcular los costes fijos y los costes variables para cada nivel de producción
- 5.2. [1,5 ptos.] Calcular los costes variables medios, los costes totales medios y los costes marginales para cada nivel de producción
6. [2 ptos.] En base a los siguientes datos proporcionados por una empresa, calcule la rentabilidad económica [RE = Beneficio antes de intereses e impuestos/Activo total] y la rentabilidad financiera [RF = beneficio después de impuestos/recursos propios]:

- Beneficios antes de intereses e impuestos: 90 millones.
- Activo total: 1.500 millones.
- Financiación del activo: 30% con recursos propios y el resto mediante financiación ajena a un tipo de interés del 4%.
- Tasa impositiva es del 35%

ECONOMÍA DA EMPRESA

1. [1 pto.] Explique a diferenza entre impostos directos e indirectos, poña un exemplo de cada un deles e indique, para cada exemplo, cal é a base imponible dese imposto.
2. [1 pto.] Explique a diferenza entre monopolio e competencia perfecta
3. [1 pto.] Explique que é unha sociedade anónima e que tipo de responsabilidade asumen os socios
4. [3 ptos.] A unha empresa preséntanselle tres proxectos de inversión, que supoñen os seguintes desembolsos e fluxos de caixa netos:

Proxecto de investimento	Desembolso inicial	FLUXOS DE CAIXA			
		1. ^{er} Ano	2. ^º Ano	3. ^{er} Ano	4. ^º Ano
X	2.000	1.500	1.400	2.000	1.200
H	3.000	1.300	-1.050	1.600	1.080

Tendo en conta un tipo de xuro de mercado do 3%, pídense indicar cal é o proxecto más rendible segundo os métodos do Valor Actual Neto (VAN) e do prazo de recuperación ou *Pay-back*. Calcule os valores para cada método, indicando as operacións, e xustifique a súa resposta.

5. A empresa PAU S.A. presenta o seguinte informe sobre os seus custos de producción:

Unidades producidas	0	1	2	3	4	5
Custos totais de producción	30	40	48	54	56	57

Pídense:

- 5.1. [0,5 ptos.] Calcular os custos fixos e os custos variables para cada nivel de producción
- 5.2. [1,5 ptos.] Calcular os custos variables medios, os custos totais medios e os custos marxinais para cada nivel de producción
6. [2 ptos.] En base ós seguintes datos proporcionados por unha empresa, calcule a rendibilidade económica [RE = Beneficio antes de xuros e impostos/Activo total] e a rendibilidade financeira [RF = beneficio despois de impostos/recursos propios]:
 - Beneficios antes de xuros e impostos: 90 millóns.
 - Activo total: 1.500 millóns.
 - Financiamento do activo: 30% con recursos propios e o resto mediante financiamento alleo a un tipo de xuro do 4%.
 - Taxa impositiva do 35%

ECONOMÍA DA EMPRESA**Pregunta 1**

Valorarase 0,25 puntos pola correcta definición de cada concepto, 0,25 pola presentación de exemplos e 0,25 puntos pola xustificación da diferencia entre os conceptos. Ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva, á utilización axeitada dos conceptos fundamentais e á presentación dun esquema resumo da resposta.

Pregunta 2

Valorarase 0,25 puntos pola correcta definición de cada concepto, e 0,5 puntos pola xustificación da diferencia entre os conceptos. Ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva, á utilización axeitada dos conceptos fundamentais e á presentación dun esquema resumo da resposta.

Pregunta 3

Valorarase 0,5 puntos pola correcta definición do concepto, e 0,5 puntos pola xustificación da responsabilidade asumida polos socios. Ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva, á utilización axeitada dos conceptos fundamentais e á presentación dun esquema resumo da resposta.

Pregunta 4.

Cálculo correcto dos indicadores para cada proxecto: 1 punto. Elección final correcta e razonada: 1 punto. Na valoración terase en conta non só o resultado numérico concreto senón tamén a corrección (coherencia) na exposición e a formulación correcta da expresión que permita a realización do cálculo. Na interpretación do resultado, ademais de considerar a medida en que se axusta a resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

Pregunta 5.

Cálculo correcto de cada indicador: 0,1 puntos. Na valoración terase en conta non só o resultado numérico concreto senón tamén a corrección (coherencia) na exposición e a formulación correcta da expresión que permita a realización do cálculo.

Pregunta 6

Cálculo de cada rendibilidade: 1 puntos. Na valoración terase en conta non só o resultado numérico concreto senón tamén a corrección (coherencia) na exposición e a formulación correcta da expresión que permita a realización do cálculo.